

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do xoves 31 de xullo de 2025

Logo de ver o disposto nos artigos 46 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

TENDO EN CONTA que, segundo o acordo plenario de data do 13.07.2023, relativo ao réxime de determinación da periodicidade das sesións plenarias, o Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter mensual o último xoves de cada mes ás vinte horas.

En aplicación do previsto nos artigos 78 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Data: xoves 31 de xullo de 2025
Hora: 20:00 h
Lugar: SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

ORDE DO DÍA:

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTAS
2. ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIANXO AO CONVENIO DE PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA SUBSCRITO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
3. APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2026
4. NOMEAMENTO XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A DO XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE RIANXO

PARTE DE CONTROL

5. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO DIRECTOR XERAL DE E.P.E. INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN Y AHORRO DE LA ENERGÍA (IDAE), M.P., POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DE AXUDAS, PARA A OBRA RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PUBLICO EN RIANXO
7. DAR CONTA DA CIRCULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE APROBACIÓN DO POS + 2025
8. MOCIÓN DO GRUPO BNG PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE EDUCACIÓN ESPECIAL NO IES FÉLIX MURIEL
9. MOCIÓN DO GRUPO BNG: DEMANDAR UN PROXECTO INTEGRAL DE REMODELACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA DE RIANXO.
10. MOCIÓN DO GRUPO PSOE PARA A REMODELACIÓN DO PASEO MARÍTIMO ENTRE A FINCHEIRA E TANXIL

11. MOCIÓN GRUPO PSOE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á MELLORA DOS ACCESOS E Á AXILIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS, E AO CONCELLO DE RIANXO A CUMPRIR CO SEU PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN APROBADO EN 2019

12. ROGOS E PREGUNTAS

2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, e poñer á súa disposición no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal as actas e a documentación dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**
3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.